



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación das bases e convocatoria para a concesión de subvencións en materia de axudas económicas á escolaridade para o curso 2026/2027

ANUNCIO

Aprobación das bases e convocatoria para a concesión de subvencións en materia de axudas económicas á escolaridade para o curso 2026/2027.

Mediante Resolución de Alcaldía número 512/2026 de data 4 de setembro de 2026 resolveuse aprobar as bases e a convocatoria para a concesión de subvencións en materia de axudas económicas á escolaridade para o curso 2026/2027, por procedemento de concorrencia competitiva.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE AXUDAS Á ESCOLARIDADE PARA O CURSO ESCOLAR 2026-2027 (SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO)

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto xa subvencionados ou de préstamo), incluíndo actividades extraescolares e vestuario deportivo, co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos/as matriculados nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO; todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Dodro.

Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que compensen a aquelas familias que polas súas condicións económicas presenten maiores dificultades para afrontar os gastos derivados da escolarización das súas fillas e fillos, promovendo así accións que contribúan ao benestar social, paliando as diferenzas sociais e riscos de exclusión social e favorecendo a integración das nenas e nenos no sistema educativo.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto xa subvencionados ou de préstamo), incluíndo gastos de actividades extraescolares e vestuario deportivo, destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 4.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 326.48000.

3.- As axudas concedidas en virtude das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que se poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo dos conceptos subvencionados.

Artigo 2º.- Destinatarias/os das axudas.

1.- Para os efectos destas bases, terá a condición de persoa beneficiaria o pai, nai, titor/a ou representante legal que formule a solicitude e asuma o gasto subvencionable, sendo destinatario da axuda o alumnado indicado no punto seguinte. Considerarase unidade familiar ou de convivencia a formada polas persoas proxenitoras ou titoras e as fillas e fillos menores de 18 anos que convivan no mesmo domicilio, sen prexuízo das regras específicas dos parágrafos seguintes.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito das persoas proxenitoras, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coas fillas ou fillos.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida incluíranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

2.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o curso escolar 2026–2027, pertencentes a unidades familiares empadroadas no Concello de Dodro.

3.- Para poder obter a condición de persoa beneficiaria, a persoa solicitante deberá estar empadroadada no Concello de Dodro cunha antigüidade mínima de tres meses. O alumnado destinatario e os demais membros computables da unidade familiar deberán estar empadroados no domicilio que corresponda segundo as regras destas bases. Estes requisitos deberán cumprirse na data de publicación da convocatoria e serán comprobados de oficio polo Concello cando resulte legalmente procedente.

4.- O criterio de valoración será que a unidade de convivencia da persoa solicitante non supere o límite de ingresos económicos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples), vixente para o ano 2026, en función do número de membros da unidade de convivencia.

NÚMERO MEMBROS UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE DE RENDA ANUAL FAMILIAR IPREM ANUAL 600€/mes 12 PAGAS 2026 (7.200,00€)	
Unidade de 2 membros	Menor ou igual ao 2,8 IPREM	20.160,00€
Unidade de 3 membros	Menor ou igual ao 3,5 IPREM	25.200,00€
Unidade de 4 membros	Menor ou igual ao 4,1 IPREM	29.520,00€
Unidade de 5 membros	Menor ou igual ao 4,6 IPREM	33.120,00€
Unidade de 6 membros	Menor ou igual ao 5 IPREM	36.000,00€

A partir do sexto membro, engadirase 2.160,00 € (0,3 x IPREM) por cada novo membro computable.

Para os efectos de determinar os ingresos económicos anuais da unidade de convivencia terase en conta a declaración da renda do derradeiro exercicio fiscal pechado, que estea á disposición para poder realizar a consulta de datos. En dita consulta teranse en consideración as cancelas correspondentes á base imponible xeral máis á base imponible do aforro da declaración consultada.

No caso de que non exista obriga de presentar a declaración da renda terase en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a través do correspondente certificado de renda. Nestes supostos terase en conta os datos económicos aportados que garantan as mesmas condicións que para aqueles que se consultou a declaración da renda.

As/os solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terán dereito á axuda.

5.- As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nos puntos anteriores, serán avaliadas segundo os criterios fixados no artigo 4. As axudas adxudicaranse por estrita orde de puntuación, ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia no artigo 1. En caso de empate, atenderase ao maior número de fillas/os escolarizadas/os e se o empate persiste terase en consideración a renda per cápita máis baixa.

6.- Poderán ser beneficiarias da axuda as familias que se encontren nunha situación de especial vulnerabilidade, aínda que non cumpran algúns dos requisitos establecidos. Estas serán valoradas polo persoal técnico de servizos sociais.

Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.

3.1.- Lugar. As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de Procedemento administrativo común.

3.2.- Prazo. As solicitudes presentaranse no prazo de **10 días hábiles** a contar dende o seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP.

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos ou non se achega a documentación preceptiva, requirirase á persoa interesada para que, no prazo improrrogable de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fai, se terá por desistida da súa solicitude, logo da correspondente resolución, de conformidade co artigo 68 da Lei 39/2015 e co artigo 27.3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións.

As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido serán inadmitidas mediante resolución do órgano competente, que será obxecto da correspondente notificación ou publicación nos termos previstos nestas bases.

3.3.- Documentación a presentar:

- 1.- Solicitud e declaración responsable segundo o modelo establecido. (Anexo I)
- 2.- Libro de familia. No caso de familias numerosas, fotocopia do título en vigor.
- 3.- Datos relativos ao IRPF do exercicio 2025 da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar. Deberá achegarse a declaración do IRPF ou o certificado tributario equivalente.
- 4.- Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Dodro, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións ou autorizar ao Concello a obter esta información segundo o Anexo I.
- 5.- Se é o caso, documentación acreditativa da ausencia no fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental (con certificado acreditativo), separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.
- 6.- No caso de adopción ou acollemento, documentación xustificativa.
- 7.- Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade, ou autorizar ao Concello a obter esta información segundo o Anexo I.
- 8.- No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, certificado do Servizo Público de Emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

Artigo 4º.- Criterios de avaliación.

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2, valoraranse pola comisión avaliadora, e puntuaranse en función dos seguintes aspectos:

- 1.- Número de membros da unidade familiar
- 2.- Condicións familiares da persoa solicitante
- 3.- Ingresos familiares

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores:

- 1.- Número de membros da unidade familiar.

· Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polas proxenitoras/es (nai, pai, titor/a) e fillas/os menores de 18 anos.

- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.

· Por ausencia do fogar familiar dalgún das/os proxenitoras/es (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.

· Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.

· Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.

· Por familia numerosa (título): 1 punto.

- 3.- Ingresos familiares. Ponderaranse do seguinte xeito, segundo o número de membros da unidade familiar:

· Ingresos:

- entre 0 e o 24,99% do límite de renda anual familiar: 4 puntos

- entre 25% e o 49,99% do límite de renda anual familiar: 3 puntos

- entre 50% e o 74,99% do límite de renda anual familiar: 2 puntos

- entre 75% e o 100% do límite de renda anual familiar: 1 punto

Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.

b) Xustificar ante o Concello de Dodro o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.

- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Dodro.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- e) Comunicar ao órgano outorgante a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Acreditar, nos momentos en que resulte legalmente esixible e, en todo caso, antes de ditarse a proposta de resolución definitiva, que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e por reintegro de subvencións, ou permitir a súa comprobación polo Concello nos termos legalmente previstos.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos establecidos na normativa aplicable e nestas bases.
- i) Comunicar ao Concello calquera alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda que poida dar lugar á modificación da resolución.

Artigo 6.- Procedemento de outorgamento de subvencións.

1. Na fase de instrución das axudas participarán os seguintes órganos:

- Órgano instrutor: a traballadora social municipal e, subsidiariamente, unha técnica do Departamento de Servizos Sociais.
- Órgano avaliador: a Comisión Avaliadora formada pola concelleira da área ou persoa en quen delegue, dúas técnicas do Departamento de Servizos Sociais, ou persoal técnico municipal en quen se delegue, actuando como secretario/a a efectos exclusivos de levantamento de acta un/unha funcionario/a municipal.
- Órgano concedente: a Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións que poidan efectuarse noutros órganos.

2. A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á traballadora social do Concello de Dodro.

3. Realizarase de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrución comprenderán necesariamente:

- a) Avaliación das solicitudes, efectuada conforme os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na convocatoria.

Nesta fase incluírase a preavaliación das solicitudes na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario da subvención: se cumpren ou non os requisitos das bases e se a documentación da solicitude está completa ou non.

Tras a verificación destes extremos, publicarase no taboleiro de anuncios a relación de solicitudes, coa indicación das deficiencias detectadas ou a documentación da que carezan, co fin de que a persoa solicitante, no prazo de 10 días hábiles emende as deficiencias ou remita os documentos preceptivos.

- b) Transcorrido o prazo de emenda, o órgano instrutor comprobará a documentación presentada e elaborará a listaxe de solicitudes que cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3. Realizadas as actividades anteriores, a comisión de valoración procederá a avaliar as solicitudes e emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, a cal non terá carácter vinculante.

4. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión de valoración, formulará, de xeito motivado, a proposta provisional de resolución, que se notificará aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días hábiles para a presentación de alegacións.

Informadas as alegacións presentadas polo servizo xestor, volverase elevar o informe – proposta á comisión, que procederá a unha nova avaliación.

5. Unha vez formulada a proposta definitiva de resolución, o expediente remitíraselle á Intervención Xeral do Concello para os efectos de que se proceda á súa fiscalización previa á adopción da resolución polo órgano competente.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo aos parágrafos anteriores, a resolución provisional terá automaticamente o carácter de definitiva.

As publicacións que, conforme ao artigo 45 da Lei 39/2015, produzan efectos de notificación efectuaranse no taboleiro da sede electrónica do Concello de Dodro, sen prexuízo das publicacións ou comunicacións que deban realizarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Boletín Oficial da Provincia, se procede.

Artigo 7.- Contía da axuda.

A contía da axuda por alumna/o será de un importe máximo de **125€**, e farase efectiva mediante o ingreso na conta bancaria da persoa solicitante.

No suposto de que a suma das contías que correspondera conceder ás persoas beneficiarias superase o crédito orzamentario dispoñible para esta convocatoria, procederase ao rateo proporcional do crédito entre todas as solicitudes concedidas, reducíndose nese caso a contía máxima individual da axuda.

Artigo 8.- Xustificación e pagamento.

O pagamento das axudas efectuarase ás persoas beneficiarias despois da xustificación dos gastos subvencionables. A documentación xustificativa deberá presentarse no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da publicación ou notificación da resolución definitiva e deberá acreditar un gasto subvencionable igual ou superior ao importe concedido.

A xustificación realizarase mediante facturas, facturas simplificadas ou documentos de valor probatorio equivalente admitidos en dereito, nos que resulte identificable o proveedor, a data, o concepto e o importe do gasto, así como, cando proceda, a persoa solicitante ou destinataria. A persoa beneficiaria achegará tamén declaración das outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financiasen os mesmos gastos.

O servizo xestor emitirá informe sobre a adecuación da xustificación. Se o gasto correctamente xustificado fose inferior á axuda concedida, reducirase proporcionalmente o dereito ao cobramento ata o importe efectivamente xustificado, sen prexuízo da perda total do dereito ao cobramento nos casos de incumprimento esencial. O expediente será sometido á fiscalización que proceda antes do recoñecemento da obriga e do pagamento.

9.- Gasto para os que se concede a axuda.

As axudas concedidas terán como destino a adquisición de material didáctico e escolar, incluíndo gastos de actividades extraescolares e vestiario deportivo.

Considérase material didáctico: os libros de texto (excepto os xa subvencionados ou de préstamo), os dicionarios e outros materiais de consulta impresos, cadernos, bolígrafos, e materiais pequenos de carácter académico.

Considérase material escolar: os instrumentos musicais e equipamento deportivo, aínda que este material non poderá superar o custo do **75%** da axuda.

10.- Notificación e recursos

As publicacións realizadas no taboleiro de anuncios, tanto da relación de solicitudes como da resolución provisional e da definitiva, substituirán á notificación nos termos que se establecen no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As listaxes publicaranse unicamente co número do documento de identidade anonimizado que as persoas solicitantes indicasen na súa solicitude

A resolución que conceda ou denegue as axudas será notificada ao solicitante, tendo en conta o medio de notificación indicado, de acordo co establecido no art. 40 e ss. da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poñendo fin á vía administrativa. Na mesma indicárase ao/a interesado/a que esta información será remitida ao Rexistro Público de Subvencións, de acordo co establecido no art. 14.1. ñ) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

11.- Datos de carácter persoal

En todo o procedemento regulado nestas bases darase cumprimento ao Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os datos trátanse polo Concello de Dodro coa finalidade de tramitar, resolver, xustificar e controlar estas axudas e cumprir as obrigas legais de publicidade e información en materia de subvencións. A publicación de actos administrativos limitará os datos persoais ao estritamente necesario.

12.- Publicación do anuncio da convocatoria

A convocatoria comunicárase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a publicación do correspondente extracto no Boletín Oficial da Provincia, e será obxecto da publicidade adicional que resulte procedente na sede electrónica, na páxina web municipal e no taboleiro de edictos. As concesións serán igualmente comunicadas aos sistemas de publicidade e rexistro de subvencións que resulten legalmente esixibles.

13.- Modificación da resolución, graduación dos incumprimentos, perda do dereito ao cobramento e reintegro.

1.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas que produza un exceso de financiamento poderá dar lugar á modificación da resolución, nos termos legalmente procedentes.

2.- A falta de xustificación, a xustificación insuficiente ou o incumprimento total ou parcial da finalidade ou das condicións impostas poderá determinar a perda total ou parcial do dereito ao cobramento. Cando o incumprimento sexa parcial e se acredite un cumprimento substancial da finalidade, aplicarase o principio de proporcionalidade atendendo ao importe de gasto subvencionable correctamente xustificado.

3.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos establecidos na Lei 38/2003, na Lei 9/2007, nos seus regulamentos e na Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións, logo da tramitación do correspondente procedemento con audiencia da persoa interesada.

Disposición adicional.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; a Lei 39/2015, do 1 de outubro; a Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Dodro; as bases de execución do orzamento municipal; e demais normativa que resulte de aplicación.

Documento asinado dixitalmente.

A traballadora social

María Sonia Olveira Graña

A concelleira de Servizos Sociais

Igualdade e Relacións Veciñais

M^a. Teresa Batalla Romero

ANEXO I Modelo de solicitude

AXUDAS Á ESCOLARIDADE CURSO ESCOLAR 2026-2027

SOLICITUDE NÚM.		DATA			
SOLICITANTE (nai, pai ou titor/a)					
NOME E APELIDOS					
DNI					
ENDEREZO					
TELÉFONOS					
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO					
UNIDADE FAMILIAR					
NOME E APELIDOS	IDADE	DNI	PARENTESCO	OCUPACIÓN	CURSO

(Enténdese por unidade familiar a formada polos pais/nais e fillos/as menores de 18 anos)

DATOS ECONÓMICOS					
INGRESOS					
PERCEPTOR/A	CONCEPTO	CONTÍA MENSUAL/aportar IRPF ou certificado negativo			
CONDICIÓNS FAMILIARES ACREDITADAS (marcar o que proceda)			SI	NON	
		1 SÓ/SOA PROXENITOR/A			
		FAMILIA NUMEROSA			
		DISCAPACIDADE/S			
		SITUACIÓN DE DESEMPREGO			

A/s persoa/s solicitante/s DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:

- Foi/foron informado/a os/as das Bases que regulan estas axudas municipais e dá o seu consentimento para o tratamento dos seus datos con este fin.
- Si / Non ten/teñen solicitada/concedida axuda/s polo mesmo concepto e para dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes.

(marcar o que proceda)

	Si teño/temos solicitada/concedida
	Non teño/temos solicitada/concedida

En caso afirmativo indicar cal:_____ e comprométese a comunicar a concesión tan pronto teña Resolución da/s mesma/s.

· Se atopa/n ao corrente nas súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e en concreto co Concello de Dodro, e coa Seguridade Social, e que está/n ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, autorizando / non autorizando ao Concello de Dodro para obter dita información.

(marcar o que proceda)

	Autorizo/autorizamos
	Non autorizo/ non autorizamos

· De non aportar no momento da solicitude a documentación correspondente, comprométese a achegala dentro do prazo estipulado nas bases reguladoras da axuda solicitada.

· Non está incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Dodro.

· Que se compromete/n a aportar a certificación dos datos bancarios, así como o resto de documentación que sexa requirida polo concello relacionada coa subvención.

Dodro, ____ de _____ de 2026

Asinado (no seu caso, os dous proxenitores)

Dna. _____

D. _____

DOCUMENTACIÓN PENDENTE DE APORTAR:

·
·

De conformidade co disposto no artigo 5.1. da LOPD 15/1999 do 13 de decembro, os datos persoais facilitados serán incorporados a un ficheiro de titularidade pública, do que é responsable o Concello de Dodro, coa finalidade de aplicalos ás actividades relacionadas coas súas competencias segundo se especifica no Regulamento municipal de protección de datos de carácter persoal.

En relación cos seus datos persoais, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na LOPD 15/1999 e no RD 1720/2007, Para iso, o Concello dispón de formularios específicos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade en: Tallós núm.32 - 15981 Dodro (A Coruña);info@dodro.gal.

Os datos facilitados poderán ser comunicados a terceiros dentro dos fins directamente relacionados que poden ser consultados na disposición de creación do ficheiro.

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: info@dodro.gal

DOCUMENTACIÓN APORTADA, que acompaña á solicitude:

	No caso de familias numerosas, fotocopia do título en vigor.
	Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2025 (completa) da persoa solicitante e do cónxuxe/parella, ou no caso de non presentala, certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal De Administración Tributaria.
	Documentación acreditativa da ausencia no fogar familiar dalgún dos proxenitores, de ser o caso.
	Fotocopia do certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar o teña recoñecido.
	Certificado do servizo público de emprego que acredite a antigüidade como demandante, de aqueles membros da unidade familiar que se atope nesta circunstancia dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria.

COMPROBACIÓN DE DATOS:

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta polo Concello de Dodro. En caso en que a persoa interesada se opoña a esta consulta, deberá indicalo na casíña correspondente e aportar unha copia do documento.

OPÓÑOME Á CONSULTA	
	DNI da persoa solicitante
	DNI do cónxuxe/parella
	DNI das fillas e fillos.
	Dicapacidade, de ser o caso: _____

Dodro, 4 de setembro de 2026

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

2026/5819